



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades e deportistas individuais

ANUNCIO

Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos en data 22 de setembro de 2022, aprobáronse as “BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS, XUVENÍS, SOCIAIS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA O ANO 2022 DO CONCELLO DE BETANZOS.

1.-DISPOSICIÓNS XERAIS.

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Betanzos, para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares do municipio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitárase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define no artigo 5º da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos

2.-OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS.

A cantidade recollida no orzamento do Concello de Betanzos para o 2022 destinada a financiación de ditas subvencións ascende a 25.000,00 euros. A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as actividades seguintes:

2.1.-Promoción de actividades educativas.–Inclúe actuacións tales como os cursos, as actividades extraescolares, seminarios, servizos de préstamo de libros e outras actividades relacionadas coa formación, ben polos propios centros educativos, ben polas Asociacións de Alumnos dos centros, ben polas Asociacións de Pais de Alumnos dos mesmos.

2.2.-Promoción de actividades culturais.–Entendéndose por elas actividades tales como celebracións, homenaxes, exposicións, publicacións, concursos, certames, mostras, excursións, eventos musicais, encontros, conferencias, estudos, espectáculos dos diversos estilos musicais, programas de formación práctica musical e, en xeral, calquera actividade de conservación, promoción e divulgación dos valores culturais.

2.3.-Promoción de actividades deportivas.–Neste apartado foméntanse os gastos derivados de participación en competicións oficiais, gozando de especial protección o deporte da infancia e mocidade; tamén poderán ser obxecto de subvención os eventos deportivos especiais..

2.4 Promoción de actividades sociais.-Entendéndose por elas actividades tales como gastos derivados de actividades nas áreas de familia, infancia e mocidade; persoas maiores; diversidade funcional; drogodependencias e outros trastornos aditivos; violencia de xénero; igualdade de oportunidades e persoas en risco ou situación de exclusión ou especiais dificultades de inserción social e/ou laboral. Tamén serán tidas en conta as actividades de fomento e implantación do asociacionismo no da terceira idade.

2.5.-Promoción de actividades dirixas á Mocidade.–Neste apartado foméntanse os gastos derivados da promoción do asociacionismo xuvenil, a realización de actos de carácter socioeducativo dirixidos a tratar as distintas problemáticas que na actualidade afectan á mocidade e programas de animación sociocultural en xeral.

O gasto derivado das subvencións outorgadas imputárase á aplicación 334/489.00 do orzamento xeral do Concello de Betanzos para o ano 2022, e quedará limitado polo crédito existente na correspondente retención de crédito.

Serán actividades obxecto de subvención ao abeiro das presentes bases aquelas que levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 3 de decembro de 2022. Non se subvencionarán investimentos reais, sendo o obxecto das subvencións reguladas nestas Bases a colaboración nos gastos de organización e desenvolvemento de actividades concretas. Así, tampouco poden ser obxecto de subvención os gastos de mantemento ordinario (teléfono, luz, auga, gas...) nin as cantidades satisfeitas ao Concello de Betanzos polo uso das súas instalacións deportivas ou culturais.

Estas subvencións son compatibles con outras sempre que a suma delas non supere o gasto total da actividade. O beneficiario está obrigado a comunicar a obtención doutras subvencións para a mesma finalidade.

Quedan excluídas desta convocatoria as entidades que figuren como beneficiarias dunha subvención nominativa na Base de Execución número 41 do orzamento xeral do Concello de Betanzos para o ano 2022.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutros organismos públicos ou privados, supere o custo da actividade subvencionada.

3.-BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes Bases as persoas ou entidades públicas ou privadas xuridicamente constituídas que cumpran as seguintes condicións:

1. Carecer de fins de lucro.
2. Desenvolver as súas actividades no termo municipal.
3. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida, na convocatoria anterior, polo Concello de Betanzos, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
4. Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.
5. Ter como obxecto social principal a realización de actividades da mesma natureza que aquelas para as que se solicite subvención.

Así mesmo, poderán participar nesta convocatoria os deportistas individuais que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado no Concello de Betanzos con 2 anos de antigüidade mínima.
- Dispoñer de licenza deportiva vixente no momento da convocatoria expedida pola federación deportiva correspondente.
- Participar en competicións de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
- Non realizar a súa actividade deportiva como parte dun club, asociación ou entidade deportiva que resulte beneficiario da presente convocatoria.

Ademais, salvo no caso dos Colexios do Municipio e dos deportistas individuais, será requisito para a concesión da subvención, estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Betanzos, ou ter solicitada a inscrición na data de petición da subvención (quedando neste caso condicionada a concesión da subvención á efectiva inscrición no Rexistro).

Os beneficiarios que leven a cabo actividades obxecto de subvención de mais dunha das clases recollidas na Base 2.^a, poderán solicitar subvención para cada unha delas, aínda que unicamente lles será concedida subvención por unha das clases.

4.-PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE.

4.1.-Prazo.-O prazo de presentación de solicitudes estará aberto durante 15 días hábiles dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do extracto da convocatoria de subvencións da Base Nacional de Subvencións.

4.2.-Lugar de Rexistro.

As solicitudes formuladas polas persoas xurídicas deberán ser presentadas a través de medios electrónicos, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.gal/>, no Rexistro Electrónico Común <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>, ou nos lugares de presentación que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.3.-Documentación que deberán acompañar as entidades públicas ou privadas xuridicamente constituídas:

1. Solicitud: modelo normalizado facilitado no Rexistro ou na páxina sede do Concello e que será asinada polo seu presidente ou por quen teña conferida a delegación, e copia do CIF da entidade se non foi presentada en convocatorias anteriores.

Nesta solicitude será preciso incluír unha memoria/programa detallado das actividades ou servizos para os que se solicita a subvención, no que se especifiquen as datas previstas de realización, así como o orzamento previsto das actividades. A subvención solicitada non poderá superar o 80% do orzamento de gastos previsto.

2. Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.

3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

4. Autorización para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesourería da Seguridade Social. No caso de non autorizar a consulta de datos deberá presentar os certificados correspondentes: certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social e do Concello de Betanzos nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou a correspondente autorización o Concello para que sexan solicitadas ditas certificacións. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica deberán achegarse as certificacións ou autorizacións anteditas referidas de todos os compoñentes que, de acordo coa acta constitutiva, forman parte da entidade.

5. Certificación Bancaria do número de conta onde se aboará o importe da subvención concedida se é distinta das convocatorias anteriores.

6.–Documentación que deberá acompañar as solicitudes para deportistas individuais.

- De non autorizar á consulta, xustificante de empadramento no Concello de Betanzos no que conste a antigüidade do empadramento.
- Copia da licenza federativa en vigor.
- Historial deportivo obtido durante o ano 2021, que fará constar as participacións e os resultados máis importantes obtidos en competicións autonómicas, nacionais ou internacionais, con especificación de datas, lugar e nivel de competición. Este historial deberá vir dilixenciado co visto e prace da federación deportiva correspondente.
- Proxecto deportivo para o ano 2022.
- Autorización para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesourería da Seguridade Social. No caso de non autorizar a consulta de datos deberá presentar os certificados correspondentes: certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o solicitante está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de que o deportista sexa menor de idade as certificacións referiranse aos pais ou titores legais. As certificacións poderán substituírse pola autorización conferida ao Concello para que obteña as mesmas.
- Declaración de se lle foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude.
- Certificación Bancaria do número de conta onde se aboará o importe da subvención concedida si é distinto das convocatorias anteriores.
- Documentación que acredite suficientemente a representación de quen asina a solicitude.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

7.–Se a solicitude non estivese debidamente cumprimentada, non se presentase a documentación esixida ou non reunise os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, indícanse na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a persoa interesada será requirida para que no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte á notificación do requirimento, enmende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indícase ademais que, de non facelo, considerarase que desiste na súa petición, despois de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos na lei.

5.–CRITERIOS DE OUTORGAMENTO.

5.1.–Subvencións para actividades educativas. Cada solicitante poderá obter 100 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- En función do número de alumnos do centro educativo ou número de socios no caso das ANPAS: 30 puntos como máximo.

Alumnos:

- De 1 a 50 alumnos = 10 puntos.
- De 51 a 100 alumnos = 20 puntos.
- De 101 en diante = 30 puntos.

ANPAS:

- De 1 a 20 socios: 10 puntos.
- De 21 a 50 socios: 20 puntos.
- De 51 en diante socios: 30 puntos.
- En función da calidade, relevancia, interese xeral e características das actividades detalladas na Memoria/Programa de actividades presentado xunto coa solicitude, 50 puntos.
- En función do número de actividades a realizar no termo municipal: 5 puntos por cada actividade, cun máximo de 20 puntos.

5.2.–Subvencións para actividades culturais.–Cada solicitante poderá obter 100 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- En función da calidade, relevancia, interese xeral e características das actividades detalladas na Memoria/Programa de actividades presentado xunto coa solicitude, 50 puntos.
- Por levar a cabo actividades de carácter continuo, 10 puntos.
- En función do número de actividades a realizar no termo municipal: 5 puntos por cada actividade, cun máximo de 40 puntos.

5.3.–Subvencións para actividades deportivas (caso de entidades).–Cada solicitante poderá obter 100 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- En función do número de licencias federativas e non federativas que teña a entidade, 10 puntos como máximo.
 - Licenza de competición individual: 0,1 puntos por licenza
 - Licenza de competición en equipo (en deportes nos que non exista individual) : 0,2 puntos por licenza.
- Por tratarse de entidades federadas para competición en equipo: 30 puntos. No caso de tratarse de entidades federadas para competición individual: 10 puntos. No caso de tratarse de entidades non federadas: 5 puntos.
 - Por contar con categorías inferiores que compitan en equipo: 5 puntos por cada categoría inferior, cun máximo de 20 puntos.
 - En función da calidade, relevancia, interese xeral e características das actividades, así como as organizadas no termo municipal, que se detallarán na Memoria/Programa de actividades presentado xunto coa solicitude, 40 puntos.

5.4.–Subvencións para actividades deportivas (caso de deportistas individuais).–Cada solicitante poderá obter 100 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- En función dos medios que se precisen para a participación nas competicións, 30 puntos.
 - Material: bolsas deportivas, cañas, palas, aletas, patíns...10 puntos
 - Material: enganche transporte de bicis, bacas...20 puntos
 - Material: carrito para tarnsportar,etc..30 puntos.
- En función dos resultados obtidos no historial deportivo do ano anterior, 30 puntos como máximo.
 - 1º a 4º clasificado 30 puntos
 - 5º a 10º clasificado 20 puntos
 - 10º clasificado en diante 10 puntos.
- En función do ámbito territorial da competición, relevancia, interese xeral e características das actividades detalladas na Memoria/Programa de actividades presentado xunto coa solicitude, 40 puntos.

5.5.–Subvencións para actividades sociais.–Cada solicitante poderá obter 100 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- En función da calidade, relevancia, interese xeral e características das actividades detalladas na Memoria/Programa de actividades presentado xunto coa solicitude, 50 puntos.
- Por levar a cabo actividades de carácter continuo, 10 puntos.
- En función do número de actividades a realizar no termo municipal: 5 puntos por cada actividade, cun máximo de 40 puntos.

5.6.–Subvencións para actividades dirixidas á Mocidade.–Cada solicitante poderá obter 100 puntos como máximo, que serán repartidos pola Comisión de Valoración como segue:

- En función da calidade, relevancia, interese xeral e características das actividades detalladas na Memoria/Programa de actividades presentado xunto coa solicitude, 50 puntos.
- Por levar a cabo actividades de carácter continuo, 10 puntos.
- En función do número de actividades a realizar no termo municipal: 5 puntos por cada actividade, cun máximo de 40 puntos.

En base ós criterios anteriormente expostos, a Comisión de Valoración, establecerá, para cada unha das categorías de subvención, e de acordo coa puntuación obtida por cada solicitante, unha orde de puntuación. A proposta de concesión de subvencións ós diferentes solicitantes deberá ter carácter proporcional coa puntuación obtida polos solicitantes, de modo que, a maior puntuación, maior será a contía da subvención.

6.–PROPOSTAS DE SUBVENCÍONS.

A Comisión de valoración de Subvencións procederá á proposta de concesión de subvencións, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración de Subvencións terá a seguinte composición:

Gonzalo Rivas Carro, Técnico de deportes

Daniel Loza Martínez, Técnico de Cultura

José Ángel Vázquez Millares, Axente de Desenvolvemento Local

Marta Piñeiro Arca, Técnica de Igualdade

José Luis García Sobrino, Técnico de Información Xuvenil

Actuará como Secretario o Técnico de Cultura

A Comisión de valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

7.–CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.

Posteriormente á proposta efectuada pola Comisión de valoración de Subvencións, a proposta pasará ao Departamento de Intervención Municipal para que realice a fiscalización da mesma.

A partir da proposta da Comisión de valoración fiscalizada, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de dous meses contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

O acordo de outorgamento de subvencións será notificado a cada unha das persoas ou entidades solicitantes de acordo co establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas e na Base Nacional de Subvencións previsto no artigo 18 da Lei 38/2003.

Tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións doutras Entidades públicas ou privadas en ningún caso poderá superar o custo da actividade, de ser así, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión.

8.–OBRIGAS DO BENEFICIARIO.

Os beneficiarios das subvencións terán que averse ás seguintes obrigas:

- Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, canta información lles sexa requirida.

- Facer constar, naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que as mesmas contan con subvención do Concello de Betanzos, coa expresión “colabora o Concello de Betanzos” ou de maneira visible o escudo e lenda “Concello de Betanzos”.
- Comunicarlle ao Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.
- Xustificar o gasto realizado de acordo co previsto nas presentes bases.

9.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

O prazo de xustificación remata o 3 de decembro de 2022. A xustificación, que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación no Rexistro de Entrada do Concello do impreso normalizado, que recollerá unha memoria das actividades realizadas e unha relación de ingresos e gastos totais obtidos, ao que se unirá a seguinte documentación:

- Certificación do Secretario da entidade no que se indiquen as subvencións concedidas á Entidade para a realización das actividades subvencionadas.
- Copia dos carteis que anuncian as actividades subvencionadas e nos que conste a colaboración do Concello.
- No caso de prestacións persoais de servizo, acreditación mediante nómina, factura ou calquera outro medio admitido en dereito.
- No caso de gastos de material, subministracións, etc., orixinal ou fotocopia cotexada das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativas dos gastos realizados. As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:
 - Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
 - Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar estendidos ó nome da entidade ou, no seu caso, ó do Presidente da agrupación sen personalidade xurídica.
 - Descrición, polo miúdo, do servizo prestado.
 - Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de “factura”. As facturas viran acompañadas do xustificante bancario si este é o medio de pago ou asinadas e cuñadas polo establecemento de facturación no caso de ser pagas en efectivo.

Por motivos xustificados, a subvención efectivamente pagada poderá ser inferior á concedida, sempre que se acade, cando menos, unha porcentaxe de xustificación do 40% da subvención concedida, entendendo así cumprida a finalidade da subvención. No caso de que os gastos xustificados non acaden esa porcentaxe, entenderase que non cumpriu coa finalidade da subvención, polo que non procederá a aprobación da xustificación nin o pago da subvención.

Unicamente serán obxecto de subvención as que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados. No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, por resolución de Alcaldía iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso.

10.-REINTEGRO DA SUBVENCIÓN.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

11.-INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como a Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Betanzos.

AXUDAS A ENTIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS, XUVENÍS, SOCIAIS (SOLICITUDE)			
DATOS RELATIVOS AO/A INTERESADO/A			
NOME E APELIDOS/ NOME DA ASOCIACIÓN:			
DNI/NIF/CIF:		TELÉFONO/S:	
ENDEREZO :			
CIDADE:		PROVINCIA:	C.P.:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:			
DATOS RELATIVOS AO/A REPRESENTANTE			
NOME E APELIDOS:			
DNI/NIF:		TELÉFONO/S:	
ENDEREZO :			
CIDADE:		PROVINCIA:	C.P.:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:			
MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN			
POSTAL :			
TELEMÁTICO*			
A persoa interesada ou representante declara:			
<ul style="list-style-type: none"> • Que todos os datos da solicitude son certos. • Que non están incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. • Que se autoriza para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesoureira da Seguridade Social , ademais de coa Axencia Galega. <input type="checkbox"/> Que non está obrigada a presentar declaracións ou documentos a que se refire o artigo 22 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións respecto das obrigas Tributarias e coa Seguridade Social. • Que realiza as súas actividades no termo municipal e o seu obxecto social principal é a realización de actividades relacionadas coa subvencións, que dispón de licenza deportiva e que participa en competicións de ámbito autonómico , estatal ou internacional. • Que se autoriza a obtención do xustificante de estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Betanzos. • Autorizo a que o Concello de Betanzos a publicar na súa páxina web oficial e a difundir as imaxes daquelas actividades e eventos nos que participe coa finalidade de fomentar o deporte e os deportistas a nivel local. • Que non está incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Local e que coñezo e acepto as bases da convocatoria. • Que está ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (artigo 25 do Regulamento que desenvolven a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións) 			
<input type="checkbox"/> NON se recibiron outras axudas para a realización das actividades subvencionadas			
<input type="checkbox"/> SI se recibiron outras axudas: Contía solicitada Axuda concedida Organismo.....			

Documentación que se achega:

- Fotocopia do D.N.I., NIE , CIF ou pasaporte da persoa solicitante, e da asociación a que representa.
- Se non se autoriza para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesoureira da Seguridade Social , ademais de coa Axencia Galega, certificados correspondentes.
- A solicitude presente
- Memoria/ programa detallado das actividades ou servizos para os que solicita a subvención, no que se especifique o orzamento previsto para as actividades.
- Certificado de conta bancaria da que a persoa solicitante sexa titular.
- Xustificante de estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Betanzos. (só no caso de non autorizar a consulta).

1. Área para a que solicita:

 Educación

- Número de alumnos/as do centro educativo ou socios/as ANPAS os que van dirixidas as actividades
- Número de actividades que se van a realizar no termo municipal .

 Cultura

- Actividades de carácter continuo
- Número de actividades que se van a realizar no termo municipal.

 Deportes

Licencias federativas e non federativas

- Número de licenzas individual
- Número de licenzas de competición en equipo (en deportes nos que non exista individual)
- Entidades federadas para competición de equipo
- Entidades federadas para competición individual
- Entidades non federadas
- Número de categorías inferiores que compitan en equipo

 Sociais

- Actividades de carácter continuo
- Número de actividades que se van a realizar no termo municipal.

Mocidade

- Actividades de carácter continuo
- Número de actividades que se van a realizar no termo municipal

Opóñome expresamente a que se consulten ou soliciten estes datos ou documentos a través da redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para iso.

Nome ou dato da documentación:

Motivación:

Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de Betanzos
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local;
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.betanzos.gal

LUGAR

DATA

SINATURA

O responsable de tratamento dos datos persoais é o Concello de Betanzos, con enderezo no edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos (A Coruña), correo@betanzos.net. 1. DPO. O delegado de protección de datos do Concello de Betanzos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en correo@betanzos.net. 2. Finalidade do tratamento. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada deste. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de que omitise algún tipo de información ou non nos informase correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable. Prazo de conservación. Os datos facilitados conservaranse mentres se mantén a nosa relación e mentres non se solicite a supresión destes. 3. Lexitimación. Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa sinatura da presente circular. 4. Destinatarios/as de cesións. En caso de solicitar o servizo de axuda a domicilio, o Concello de Betanzos facilitará os seus datos de carácter persoal á empresa contratada polo Concello para prestarlle este servizo. En caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaráselle a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras destas. 5. Dereitos. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. O Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

AXUDAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS (SOLICITUDE)			
DATOS RELATIVOS AO/A INTERESADO/A			
NOME E APELIDOS/ NOME DA ASOCIACIÓN:			
DNI/NIF/CIF:		TELÉFONO/S:	
ENDEREZO :			
CIDADE:		PROVINCIA:	C.P.:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:			
DATOS RELATIVOS AO/A REPRESENTANTE			
NOME E APELIDOS:			
DNI/NIF:		TELÉFONO/S:	
ENDEREZO :			
CIDADE:		PROVINCIA:	C.P.:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:			
MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN			
<p>POSTAL :</p> <p>TELEMÁTICO*</p>			
A persoa interesada ou representante declara:			
<ul style="list-style-type: none"> • Que todos os datos da solicitude son certos. • Que non están incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. • Que se autoriza para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesoureira da Seguridade Social , ademais de coa Axencia Galega. <p><input type="checkbox"/> Que non está obrigada a presentar declaracións ou documentos a que se refire o artigo 22 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións respecto das obrigas Tributarias e coa Seguridade Social.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Que realiza as súas actividades no termo municipal e o seu obxecto social principal é a realización de actividades relacionadas coa subvencións, que dispón de licenza deportiva e que participa en competicións de ámbito autonómico , estatal ou internacional. • Que se autoriza a obtención do xustificante de empadramento. • Autorizo a que o Concello de Betanzos a publicar na súa páxina web oficial e a difundir as imaxes daquelas actividades e eventos nos que participe coa finalidade de fomentar o deporte e os deportistas a nivel local. • Que non está incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Local e que coñezo e acepto as bases da convocatoria. • Que está ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións (artigo 25 do Regulamento que desenvolven a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións) <p><input type="checkbox"/> NON se recibiron outras axudas para a realización das actividades subvencionadas</p> <p><input type="checkbox"/> SI se recibiron outras axudas: Contía solicitada Axuda concedida</p> <p>Organismo.....</p>			

Documentación que se achega:

- Fotocopia do D.N.I., NIE , CIF ou pasaporte da persoa solicitante, e da asociación a que representa.
- Se non se autoriza para a obtención das certificacións de estar ao corrente coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesoureira da Seguridade Social , ademais de coa Axencia Galega, certificados correspondentes.
- A solicitude presente
- Historial deportivo obtido durante o ano 2021.
- Proxecto deportivo para o ano 2022
- Certificado de conta bancaria da que a persoa solicitante sexa titular.
- Xustificante de empadramento colectivo (só no caso de non autorizar a consulta).
- Copia da licenza federativa en vigor.
- Documentación que acredite a representación.

Opóñome expresamente a que se consulten ou soliciten estes datos ou documentos a través da redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para iso.

Nome ou dato da documentación:

Motivación:

Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de Betanzos
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou non exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local;
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.betanzos.gal

LUGAR

DATA

SINATURA

O responsable de tratamento dos datos persoais é o Concello de Betanzos, con enderezo no edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos (A Coruña), correo@betanzos.net. 1. DPO. O delegado de protección de datos do Concello de Betanzos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en correo@betanzos.net. 2. Finalidade do tratamento. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada deste. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de que omitise algún tipo de información ou non nos informase correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable. Prazo de conservación. Os datos facilitados conservaranse mentres se mantéña a nosa relación e mentres non se solicite a supresión destes. 3. Lexitimación. Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa sinatura da presente circular. 4. Destinatarios/as de cesións. En caso de solicitar o servizo de axuda a domicilio, o Concello de Betanzos facilitará os seus datos de carácter persoal á empresa contratada polo Concello para prestarlle este servizo. En caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaráselle a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras destas. 5. Dereitos. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. O Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

AXUDAS A ENTIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS, XUVENÍS, SOCIAIS (XUSTIFICACIÓN)			
DATOS RELATIVOS AO/A INTERESADO/A			
NOME E APELIDOS/ NOME DA ASOCIACIÓN:			
DNI/NIF/CIF:		TELÉFONO/S:	
ENDEREZO :			
CIDADE:		PROVINCIA:	C.P.:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:			
DATOS RELATIVOS AO/A REPRESENTANTE			
NOME E APELIDOS:			
DNI/NIF:		TELÉFONO/S:	
ENDEREZO :			
CIDADE:		PROVINCIA:	C.P.:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:			
MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN			
<p>POSTAL :</p> <p>TELEMÁTICO*</p>			
<p>A persoa interesada ou representante achega a documentación xustificativa que acredita o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, segundo o establecido na base 9 , para o aboamento da subvención concedida.</p>			
<ul style="list-style-type: none"> • Formulario de xustificación. • Certificación do secretario da entidade no que se indiquen as subvencións concedidas á Entidade para a realización das actividades subvencionadas. • Copia de carteis que anuncian as actividades subvencionadas e nos que conste a colaboración do Concello. • Se son prestacións persoais do servizo, acreditación mediante nómina, factura ou calquera outro medio admitido en dereito. • Se son gastos materiais, subministracións, etc, orixinal ou fotocopia cotexada das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativas dos gastos realizados. (requisitos recollidos na base 9) 			
Xustificación:			

<input type="checkbox"/> Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.		
Responsable	Concello de Betanzos	
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.	
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou non exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local;	
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.	
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional	
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.betanzos.gal	
LUGAR	DATA	SINATURA
<p>O responsable de tratamento dos datos persoais é o Concello de Betanzos, con enderezo no edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos (A Coruña), correo@betanzos.net. 1. DPO. O delegado de protección de datos do Concello de Betanzos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en correo@betanzos.net. 2. Finalidade do tratamento. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada deste. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de que omitise algún tipo de información ou non nos informase correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable. Prazo de conservación. Os datos facilitados conservaranse mentres se manteña a nosa relación e mentres non se solicite a supresión destes. 3. Lexitimación. Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa sinatura da presente circular. 4. Destinatarios/as de cesións. En caso de solicitar o servizo de axuda a domicilio, o Concello de Betanzos facilitará os seus datos de carácter persoal á empresa contratada polo Concello para prestarlle este servizo. En caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaráselle a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras destas. 5. Dereitos. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. O Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.</p>		

AXUDAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS (XUSTIFICACIÓN)		
DATOS RELATIVOS AO/A INTERESADO/A		
NOME E APELIDOS/ NOME DA ASOCIACIÓN:		
DNI/NIF/ CIF:		TELÉFONO/S:
ENDEREZO :		
CIDADE:	PROVINCIA:	C.P.:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:		
DATOS RELATIVOS AO/A REPRESENTANTE		
NOME E APELIDOS:		
DNI/NIF:		TELÉFONO/S:
ENDEREZO :		
CIDADE:	PROVINCIA:	C.P.:
ENDEREZO ELECTRÓNICO:		
MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN		
<p>POSTAL :</p> <p>TELEMÁTICO*</p>		
<p>A persoa interesada ou representante achega a documentación xustificativa que acredita o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, segundo o establecido na base 9 , para o aboamento da subvención concedida.</p>		
<ul style="list-style-type: none"> • Formulario de xustificación. • Certificación do secretario da entidade no que se indiquen as subvencións concedidas á Entidade para a realización das actividades subvencionadas. • Copia de carteis que anuncian as actividades subvencionadas e nos que conste a colaboración do Concello. • Se son prestacións persoais do servizo, acreditación mediante nómina, factura ou calquera outro medio admitido en dereito. • Se son gastos materiais, subministracións, etc, orixinal ou fotocopia cotexada das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativas dos gastos realizados. (requisitos recollidos na base 9) 		
Xustificación:		

Opóñome expresamente a que se consulten ou soliciten estes datos ou documentos a través da redes corporativas ou mediante consulta da Plataforma de Intermediación de Datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para iso.

Nome ou dato da documentación:

Motivación:

Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de Betanzos
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello. Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local;
Destinatarios	Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.betanzos.gal

LUGAR	DATA	SINATURA
<p>O responsable de tratamento dos datos persoais é o Concello de Betanzos, con enderezo no edificio Liceo, praza de Galicia n.º 1, 15300, Betanzos (A Coruña), correo@betanzos.net. 1. DPO. O delegado de protección de datos do Concello de Betanzos é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en correo@betanzos.net. 2. Finalidade do tratamento. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia, así como a xestión administrativa derivada deste. Para o servizo de axuda a domicilio, é moi importante que nos informe correctamente do estado de saúde e dos tratamentos que estea a recibir. No caso de que omitise algún tipo de información ou non nos informase correctamente, poderán producirse danos na súa persoa dos que só vostede será responsable. Prazo de conservación. Os datos facilitados conservaranse mentres se mantéña a nosa relación e mentres non se solicite a supresión destes. 3. Lexitimación. Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa sinatura da presente circular. 4. Destinatarios/as de cesións. En caso de solicitar o servizo de axuda a domicilio, o Concello de Betanzos facilitará os seus datos de carácter persoal á empresa contratada polo Concello para prestarlle este servizo. En caso de solicitude de subvencións ou outro tipo de axudas económicas, os datos persoais facilitaráselle a todas as administracións públicas con competencia na materia, por ser xestoras destas. 5. Dereitos. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a portabilidade destes en calquera momento. O Concello de Betanzos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.</p>		

En cumprimento do disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e indícolle que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición con carácter potestativo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso; se fose presunto, o prazo será de seis meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo coa súa normativa específica. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se publica para os efectos oportunos.

En Betanzos, a 22 de setembro do 2022.

A alcaldesa

María Barral Varela